


## Sumario | nº44 – Febreiro 2025

**EDIUS** **NOVAS**

Como tramito a autorización para poder defender a miña tese?



**ENTREVISTA** Esther Martínez Piñeiro

«O frecuente é que as persoas doutorandas estean familiarizadas coa metodoloxía cuantitativa, pero teñen escaso coñecemento da cualitativa que pode resultar útil para a súa tese»



**3MT®**

Como explicar a túa tese en tres minutos?



**EDIUS** **NOVAS**

Victoria Otero Espinar, nova presidenta da Real Sociedade Matemática Española



**EDIUS** **NOVAS**

IV Premio á Mellor Tese en Humanidades Dixitais



**EDIUS** **NOVAS**

ANECA actualiza a guía sobre os sexenios de investigación



**EDIUS** **NOVAS**

Cando e como se fai a avaliación anual na etapa de doutoramento?



**EDIUS** **NOVAS**

Convocatoria contratos predoutorais (FPU 2024)



**EDIUS** **NOVAS**

Aberto o prazo para a primeira convocatoria de expresións de interese para o EUniWell Champions Scheme



**EDIUS** **NOVAS**

A Sociedade Nuclear Española (SNE) convoca a undécima edición do certame que reconece as mellor tese de doutoramento



**EDIUS** **NOVAS**

A EDIUS automatiza o envío por mail dos certificados dos cursos de formación



**OPINIÓN**

Quen é quen na tese?



**EDIUS** **NOVAS**

A Escola Internacional de Doutoramento avaliará o grao de satisfacción cos cursos de formación con enquisas *online* ao alumando



3MT®



## Como explicar a túa tese en tres minutos?

A Escola de Doutoramento Internacional da USC convoca a IV edición do Three Minute Thesis (3MT®), un concurso de comunicación para investigadoras/es predoutorais de todas as áreas do coñecemento.

O concurso abrirá o prazo de envío de vídeos o 1 de abril e pechará o día 30 do mesmo mes de abril. O requisito para participar nesta cuarta edición do 3MT é estar matriculado/a nun programa de doutoramento da USC no curso 2024/2025 e non ter defendido aínda a tese.

**Iniciado pola Universidade de Queensland en 2008**, o 3MT cultiva as habilidades de comunicación académica, de presentación e de investigación do estudiantado. O concurso apoia a capacidade do alumnado de doutoramento para explicar eficazmente a súa investigación en tres minutos, nunha linguaxe adecuada para un público non especializado.

[↩ Ir ao sumario](#)

Esta competición reta ao estudiantado de doutoramento a consolidar as súas hipóteses, obxectivos e ideas, así como a validez e importancia dos

resultados da súa investigación, e a presentalos de xeito claro e conciso, empregando unicamente os recursos propios da oratoria e da retórica, esenciais para as súas futuras carreiras profesionais. O escaso tempo do que dispoñen obrígalles a preparar discursos claros e efectivos, que transmitan en poucas palabras a importancia do tema de investigación de xeito sinxelo e comprensible para os non expertos.

A selección dos vídeos finalistas estará a cargo dun comité académico conformado por membros da EDIUS e do profesorado da USC. Este comité será o encargado de elixir un máximo de 20 vídeos, 5 por cada área de coñecemento (Artes e Humanidades; Ciencias e Enxeñaría; Ciencias da Saúde; e Ciencias Sociais) que concorrerán nunha Gran Final.

Os 20 vídeos finalistas concursarán nunha Gran Final que se celebrará a primeira semana do mes de xuño, nun lugar aínda por determinar. As 20 persoas finalistas farán a presentación da súa investigación en persoa. A exposición, que se fará diante do xurado e do público, deberá respectar o tempo (3 minutos) e o guión do traballo presentado en formato vídeo. Nesta gala serán entregados os catro Premios de Excelencia de Divulgación Científica, un por cada área.

O xurado terá en conta aspectos do contido das presentacións así como a capacidade comunicativa dos candidatos e candidatas, independentemente da área de coñecemento á que se adscriban. A EDIUS premiará aos doutorandos e doutorandas gañadores dos Premios de Excelencia de Divulgación Científica cun agasallo aínda por determinar.

### CURSO SOBRE O PITCH, EN MARZO

Este ano, volverá a impartirse o curso “Three Minute Thesis: O *pitch* como ferramenta para unha comunicación científica eficaz”, unha formación na que as persoas asistentes poderán aprender estratexias para comunicar o contido da súa investigación de xeito eficiente e adaptando os seus discursos ás dinámicas do *pitch*.

O curso celebrarase, de xeito presencial, entre os días 12 e 13 de marzo na Facultade de Ciencias da Comunicación en Santiago de Compostela. Os profesores Roi Méndez Fernández e Marta Rodríguez Castro serán os encargados de impartir esta formación. En breve poderedes atopar no apartado de **FORMACIÓN** da web da EDIUS toda a información sobre este curso, así como o xeito de inscribivros.

 [Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## Como tramito a autorización para poder defender a miña tese?

Unha vez que a tese estea finalizada, terás que solicitar a aprobación para a súa defensa.

Unha vez que a investigación estea finalizada, terás que solicitar a aprobación para a súa defensa. Deberás presentar a través da **Secretaría Virtual do Alumno (SVA)** a solicitude de defensa acompañada da documentación relativa á túa tese.

A solicitude realizarase de modo electrónico a través da SVA polo que non precisas de sinatura electrónica. A(s) persoa(s) directora(s) recibirá un correo para avaliar a solicitude. Con antelación a que finalice o prazo para a presentación terás que comprobar unha serie de requisitos que podes ver [nesta ligazón](#). A Secretaría Virtual permite que durante un período poidas ir engadindo documentación sen que desapareza cando desconectes a sesión.

Preparar o exemplar electrónico da tese é un dos pasos máis importantes. Trátase dun documento obrigatorio creado en formato PDF tamaño A4 que debe estar desprotexido (sen contrasinal e sen sinaturas). Ademais, debes consultar os [códigos UNESCO](#) para cumprimentar correctamente o apartado correspondente da solicitude.

É obrigatorio que indiques un correo electrónico, nel recibirás as distintas notificacións que se vaian producindo. Revisada a documentación recibida de forma telemática a través de Xescampus, no suposto de estar incorrecta, o teu Programa de Doutoramento che requirirá para que se emende. Se está todo correcto, procederase á informar pola CAPD e por dúas persoas externas expertas. No caso de informe favorable pola CAPD remitirase o pdf da tese e o resto da documentación para a súa revisión na EDIUS e posteriormente iniciarase a apertura do prazo de exposición que será de 10 días hábiles en período lectivo.

Tras este período a Comisión Executiva da EDIUS revisará a túa tese e poderá requirirte algún tipo de mellora. No caso de que non sexa necesario e se che comunique a autorización de defensa da tese, deberás realizar o pago das taxas en concepto de defensa a través da SVA, darte de alta e cubrir a ficha Teseo e, por último, contactar co teu programa de doutoramento para xestionar os trámites de comunicación da data de defensa.

 [Ir ao sumario](#)



**María del Carmen  
Sánchez Carreira**

Ciencias Sociais  
e Xurídicas

*«A tese máis que  
un traballo é unha  
paixón polo saber  
no sentido máis  
amplo (saber, saber  
facer, saber ser)»*

[↩ Ir ao sumario](#)

**OPINIÓN**

## Quen é quen na tese?

A tese consiste nunha investigación orixinal e avanzada sobre unha determinada temática para obter o maior grao académico. Aínda que se trata dun traballo realizado autonomamente, diversas persoas, órganos e entidades acompañan ao longo dos anos do doutoramento, facendo máis levadeiros os momentos de soidade.

O principal protagonismo recae na persoa que realiza a tese, que é a súa autora. Asume as diversas tarefas que require o desenvolvemento dunha investigación e a elaboración dunha tese, incluíndo a formación e desenvolvemento de competencias, así como o respecto aos aspectos legais e éticos, seguindo o Código de Boas Prácticas da Investigación da USC. A tese máis que un traballo é unha paixón polo saber no sentido máis amplo (saber, saber facer, saber ser). Dese xeito, o intenso traballo e dedicación que require, compénsase pola satisfacción de contribuir a xerar coñecemento científico, dando resposta a unha pregunta relevante.

Un papel salientable corresponde á persoa que dirixe a tese, que acompaña nas distintas fases, guiando e orientando na toma de decisións. As súas funcións son cruciais e diversas nas distintas fases, sendo máis intensas nas etapas inicial e final. A comunicación regular é importante no desenvolvemento da tese. Tamén pode haber codireccións.

A persoa titora da tese, que pode coincidir coa que dirixe a tese ou non, actúa como interlocutora entre a persoa doutoranda e o programa de doutoramento.

Ademais, a Comisión Académica do Programa de Doutoramento, a súa coordinación e secretaría asumen a responsabilidade do programa e son a primeira liña de moitos trámites e do seguimento académico. Por riba, atopámonos coa Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS), coordinada por un director e con subdirectores nas catro grandes áreas de coñecemento, encargada da xestión, planificación e seguimento dos doutoramentos. Non se pode esquecer ao profesorado que participa nos programas e nas actividades formativas.

Dependendo das mencións ás que opte a tese atopámonos coas persoas que titorizan as estadias de investigación ou nas empresas.

As persoas que conforman o tribunal da tese e as persoas expertas externas que emiten os informes previos dende o 1 de setembro de 2024 son fundamentais para culminar o doutoramento.

Grupos de investigación, departamentos, facultades, ou centros de investigación son unidades que poden axudar nalgunha das fases, ao igual que as entidades que contribúen, dalgún xeito, ao financiamento da tese.

Finalmente, pero non menos importante, a familia e as amizades son un pilar fundamental para acadar o fin, especialmente nos momentos máis complexos, como as estadias ou as etapas nas que a tese o é todo e queda escaso tempo para acompañar.

## Cando e como se fai a avaliación anual na etapa de doutoramento?


A Comisión Académica do programa de doutoramento (en adiante CAPD) avaliará anualmente o progreso da persoa doutoranda tendo en conta o plan de investigación, o plan de formación e o documento de actividades. Para isto, a CAPD dispoñerá dos informes que deberá emitir o perfil autorizado.

No caso de que a Comisión detecte carencias importantes e, polo tanto, a persoa doutoranda reciba unha avaliación anual negativa, que será debidamente motivada mediante informe da CAPD, aquela deberá ser reavaliada segundo o prazo fixado pola Universidade, nunca excedendo os seis meses desde a anterior avaliación, para demostrar a superación

das carencias sinaladas previamente pola CAPD.

Se esas carencias continúan existindo, a CAPD deberá emitir un informe negativo definitivo debidamente motivado, logo dunha audiencia á persoa interesada. Contra a avaliación negativa definitiva, a persoa doutoranda poderá solicitar a súa revisión de forma motivada ante a CAPD nos prazos marcados pola USC.

No caso de desestimación da súa reclamación, a persoa doutoranda causará baixa definitiva no programa mediante resolución reitoral. Contra esta resolución, a persoa doutoranda poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o reitor ou reitora.



**EDIUS** **NOVAS**

## A profesora María José Ginzo recolle o distintivo á mellor tese da III edición do premio Sociedade Internacional de Humanidades Dixitais Hispánicas – Fundación BBVA

A profesora axudante doutora do Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización da USC, María José Ginzo Villamayor, foi a gañadora da edición anterior do Premio Sociedade Internacional de Humanidades Dixitais Hispánicas-Fundación BBVA á Mellor Tese Doutoral 2023, un galardón que recolleu o pasado mes de xaneiro.

A tese de María José Ginzo, “Técnicas estadísticas en xeolingüística. Modelización onomástica”, analiza a distribución xeográfica dos apelidos para estudar os movementos da poboación, centrándose en Galicia e ampliando a análise a outras rexións españolas. Nunha entrevista que fixemos con ela cando lle foi comunicado este recoñecemento, a profesora explicaba que a súa investigación “abre novas vías para a investigación nesta campo mediante a aplicación de métodos estadísticos avanzados”. Ginzo engadía que o feito de que os modelos e métodos desenvolto sexan extrapolables a outras rexións ou a outros contextos aumenta o impacto potencial, “permitindo que outros investigadores utilicen e adapten estas técnicas en diferentes contextos xeográficos e culturais”.

María José Ginzo desenvolveu na súa tese ferramentas estadísticas avanzadas e técnicas dixitais innovadoras para examinar máis de 160.000 apelidos e representou as súas conclusións en diversos mapas e gráficas, unhas conclusións antes ocultas nos datos dos apelidos e que ademais foron validadas polo Instituto da Lingua Galega. Esta investigación contribúe a comprender mellor a relación entre a lingua e o contexto humano.

Como destacou Ginzo na conferencia pronunciada tras a entrega do premio, “é crucial utilizar ferramentas

estadísticas adecuadas que permitan analizar as distribucións, patróns e tendencias espaciais e temporais dos apelidos coa fin de comprender mellor a súa evolución e a súa relación con distintos contextos sociais e culturais ao longo do tempo”. “No estudo onomástico, os datos relativos a apelidos e nomes posúen unha carga histórica, cultural e xeográfica importante”, explicou a premiada, que tratou precisamente de desentrañar a relación entre os movementos da poboación ao longo das décadas coa maneira na que se agrupan os apelidos. “A análise dos patróns de apelidos proporciona información sobre a dinámica dos movementos da poboación a curto e longo prazo”.

Ademais de plasmar as súas conclusións en diversos mapas e gráficas que permiten visualizalas de maneira intuitiva, a investigadora desenvolveu unha biblioteca de *software*, publicada en código aberto, que facilita a reprodución dos resultados da tese e a aplicación das técnicas desenvoltoas a outras bases de datos.

A galardoada puxo o foco sobre a relación proveitosa que puido establecer na súa tese entre as humanidades e a estatística, “integrando métodos cuantitativos e cualitativos e demostrando que a colaboración entre campos do coñecemento é clave para abordar as preguntas máis apremiantes da nosa sociedade”.



[↩ Ir ao sumario](#)

**EDIUS** **NOVAS**

## A Sociedade Nuclear Española (SNE) convoca a undécima edición do certame que reconece as mellor tese de doutoramento

A Sociedade Nuclear Española (**SNE**) convoca a undécima edición do Premio SNE para Teses de Doutoramento. Poden optar ao premio as teses de contidos relacionados coa ciencia e tecnoloxía nuclear, que foran presentadas en universidades españolas ou por cidadáns españois en universidades estranxeiras en países con representación na Sociedade Nuclear Europea (ENS) que se defenderan e obtiveran a cualificación correspondente en 2024.

A persoa gañadora recibirá un premio de 2.000 euros, unha placa e un diploma acreditativo. Ade-

mais, o traballo gañador optará ao Premio á Mellor Tese outorgado pola Sociedade Nuclear Europea (ENS), no caso de que volva a ser convocado. O autor ou autora tamén poderá presentar o seu traballo como ponencia dentro da Reunión Anual da SNE que se celebrará este ano 2025. As persoas interesadas deberán entregar a documentación indicada nas bases da convocatoria ao correo electrónico [comision.technica@sne.es](mailto:comision.technica@sne.es) non máis tarde do día 7 de febreiro de 2025. O fallo farase público antes de finalizar o mes de marzo de 2025.

**[Consulta aquí as bases da convocatoria.](#)**



[↩](#) Ir ao sumario

EDIUS NOVAS

## Aberto o prazo para a primeira convocatoria de expresións de interese para o EUniWell Champions Scheme

A Universidade Europea do Benestar convoca, ademais, a oitava edición do 'Seed Funding'



A Universidade Europea do Benestar (EUniWell) vén de anunciar a primeira convocatoria de Expresións de Interese para o EUniWell Champions Scheme, programa que coordina a Universidade de Santiago. Trátase dunha iniciativa dirixida ao persoal investigador *sénior* interesado en asumir un rol de liderado a curto prazo na promoción da misión de EUniWell, tanto dentro como fóra desta alianza europea de universidades.

Esta convocatoria seleccionará a nove persoas que actuarán como embaixadoras de EUniWell, co obxectivo de promover o benestar, fomentar a colaboración entre as comunidades académicas e axudar a definir as direccións estratégicas do consorcio. Neste primeiro chamamento de Expresións de Interese para o EUniWell Champions Scheme, pódese presentar persoal investigador *sénior* contratado actualmente na Universidade de Santiago de Compostela ou nalgunha das seguintes institucións tamén membros de EUniWell: Colonia, Constanza, Florencia, Inalco, Linnaeus, Murcia, Nantes ou Semmelweis.

[↩ Ir ao sumario](#)

As persoas seleccionadas recibirán un orzamento de até 15.000 euros para apoiar as súas actividades durante un período de seis meses. O prazo de solicitudes permanecerá aberto até o 28 de febreiro ás 17:00 horas e o resultado final anunciarase antes do 30 de abril.

O EUniWell Champions Scheme é un programa coordinado pola USC como parte dos cometidos do Paquete de Traballo 8 (WP8), dedicado á investigación, innovación e emprendemento, e que lidera no marco do proxecto EUniWell-Weff da alianza EUniWell.

### SESIÓN INFORMATIVA E PREGUNTAS FRECUENTES

Está prevista a realización dunha sesión informativa en liña para presentar a convocatoria e resolver calquera dúbida sobre o proceso de solicitude. A data anunciarase proximamente coa antelación oportuna. As persoas interesadas poden consultar [a convocatoria completa na páxina web de EUniWell](#), onde atoparán tamén un documento de preguntas frecuentes. As consultas poden dirixirse ao enderezo [euniwell.wp8@usc.gal](mailto:euniwell.wp8@usc.gal).



### NOVA EDICIÓN DO PROGRAMA SEED FUNDING

A EUniWell lanza tamén unha nova edición dunha das súas iniciativas insignia: o programa Seed Funding, orientado á financiación de proxectos que melloren de xeito significativo o benestar na saúde, na educación, na cultura, na universidade, na esfera persoal ou, en xeral, na sociedade. [A oitava convocatoria Seed Funding](#) de EUniWell estará aberta até o 16 de marzo de 2025. A resolución cos proxectos seleccionados coñecerase no mes de maio.

Seed Funding persegue que persoal investigador, profesorado, estudantado e persoal administrativo das universidades integradas no consorcio EUniWell colaboren na posta en marcha de proxectos innovadores. As propostas de colaboración deben ser presentadas por persoal ou estudantado de polo menos catro universidades da alianza. Os proxectos seleccionados, que terán unha duración de até 12 meses, recibirán unha subvención máxima de 25.000 euros a distribuír entre os diferentes socios.

### SESIÓNS INFORMATIVAS

A Oficina EUniWell da USC organizará no mes de febreiro unha sesión informativa a fin de orientar no proceso de solicitude. Porén, as consultas xerais sobre esta convocatoria poden dirixirse ao enderezo [euniwell@usc.gal](mailto:euniwell@usc.gal). Adicionalmente, EUniWell celebrará tamén neste mes encontros virtuais en inglés para resolver dúbidas sobre a oitava convocatoria: o 5 e o 13 de febreiro, en horario de 12.00 a 13.30 horas.

EDIUS NOVAS

## ANECA actualiza a guía sobre os sexenios de investigación

Aberto o prazo de solicitude: do 13 de xaneiro ao a 3 de febreiro (2025)

A Biblioteca Universitaria acaba de actualizar a guía sobre **Sexenios de investigación**, co fin de ofrecer soporte ao Persoal Docente e Investigador da USC na solicitude para avaliar a carreira investigadora, no marco da convocatoria 2024 que se abriu o pasado 13 de xaneiro e remata o 3 de febreiro. Como novidade, a guía incorpora este ano unha ligazón a **un vídeo** elaborado pola Fundación Dialnet no que se explican os pasos que se deben seguir dende o Portal de Investigación para descargar informes.

Para que as dúbidas que xurdan na comunidade universitaria da USC poidan ser aclaradas pola Biblioteca, pode enviarse un correo electrónico a **biblioteca.xeral.servizos@usc.gal** e/ou dirixirse á biblioteca de referencia na USC de cada PDI. A BUSC estará pendente das posibles aclaracións e respostas a consultas que se reciban da ANECA sobre esta convocatoria, polo que pode haber contidos que se sigan actualizando nas vindeiras semanas.



The screenshot shows the USC Biblioteca Universitaria website. The main heading is 'Sexenios de investigación'. On the left, there is a vertical menu with items: INTRODUCCIÓN, RECURSOS DE INTERÉS, OS SEXENIOS DE INVESTIGACIÓN, SELECCIÓN DE ACHEGAS, CRITERIOS DE AVILACIÓN, OS INDICIOS DE CALIDADE, MODELO DE RECOLLIDA DE INDICIOS DAS ACHEGAS, and CONTACTO. The main content area features a 'PRAZO 2025' section with the text 'ABERTO O PRAZO DE SOLICITUDE: DO 13 DE XANEIRO AO 3 DE FEBREIRO DE 2025' and the ANECA logo. Below this, there is a table of contents with the following items: 1. Introducción, 1.1 Táboa de contidos, 1.2 Cite esta guía, 1.3 Marco xurídico, and 1.4 Novidades da última convocatoria (2024).

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## Convocatoria contratos predoutorais (FPU 2024)

O pasado 17 de xaneiro abriuse o prazo para a convocatoria dos contratos FPU 2024, que permanecerá aberto até o 14 de febreiro.

A nova convocatoria incorpora algúns importantes cambios relativos ao baremo de avaliación. Noutros aspectos, mantén as novidades que xa se introduciron nas dúas últimas convocatorias, en concreto, a simplificación da estrutura de tramitación, que queda reducida a unha fase. Con relación ao proceso de avaliación, a puntuación total terá en conta a nota media ponderada e as avaliacións favorables certificadas pola Comisión Académica, até un máximo de 100 puntos.

Podes atopar toda a [información detallada nesta ligazón](#) e acceder á [convocatoria aquí](#).



[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## IV Premio á Mellor Tese en Humanidades Dixitais

A Sociedade Internacional de Humanidades Dixitais Hispánicas (HDH) e a Fundación BBVA convocan, de maneira conxunta, a cuarta edición do **Premio Sociedade Internacional de Humanidades Dixitais Hispánicas – Fundación BBVA** á Mellor Tese de Doutoramento desenvolvida no campo das Humanidades Dixitais.

A HDH ten entre os seus obxectivos desenvolver instrumentos que fomenten unha investigación innovadora e de calidade no ámbito das Humanidades Dixitais, unha finalidade complementaria co pulo da investigación científica e a creación cultural no que a Fundación BBVA centra a súa actividade.

Ambas as dúas institucións convocan estes premios de ámbito estatal para recoñecer o traballo levado a cabo por persoal investigador cuxas teses representen un avance significativo neste campo. Este premio recoñece, con periodicidade anual, contribucións que, desde a innovación, a creatividade, a orixinalidade e a rigorosidade científica neste campo, utilicen as tecnoloxías da información ou outras técnicas, ferramentas, metodoloxías computacionais e procesos de automatización avanzados, ou estean relacionadas co ecosistema dixital, e presenten unha elevada capacidade para facer avanzar o coñecemento producido nas disciplinas humanísticas. O seu obxectivo é, de maneira complementaria, servir de estímulo aos investigadores e investigadoras novos que desenvolven o seu labor neste ámbito.

O prazo de presentación remata o 18 de febreiro de 2025.

EDIUS NOVAS

## Victoria Otero Espinar, nova presidenta da Real Sociedade Matemática Española



Otero Espinar era xa dende 2022 vicepresidenta desta sociedade científica referente en España.

A catedrática de Análise Matemática da USC Victoria Otero Espinar é a nova presidenta da Real Sociedade Matemática Española (**RSME**) logo de rematar o proceso de votación para a renovación do primeiro terzo da súa xunta de goberno, correspondente á presidencia e tres vogalías, ademais dunha vogalía interina.

Victoria Otero, que toma o relevo de Eva Gallardo, da Universidade Complutense de Madrid, conta cunha ampla traxectoria académica e de xestión. A investigadora do Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (**Citmaga**) foi vicerreitora de Titulacións da USC e decana da Facultade de Matemáticas. Na RSME, da que até agora era vicepresidenta primeira, presidiu a Comisión Profesional (2015-2019) e dende 2015 a Comisión RSME-RAE. Estivo tamén á fronte da Conferencia de Decanos de Matemáticas ata 2017.

As súas liñas de investigación encádranse no eido das ecuacións diferenciais e en diferenzas, sistemas dinámicos e biomatemáticas. É autora de preto de 60 artigos científicos e participou en máis de 40 proxectos de I+D financiados en convocatorias públicas europeas, estatais e autonómicas.

Victoria Otero Espinar é doutora en Matemáticas (1992) pola Universidade de Santiago de Compostela. Realizou a súa tese baixo a dirección dos doutores Charles Tresser (Universidad de Nice e Centro de Investigación IBM en New York) e Fernando Costal (USC), sobre Sistemas Dinámicos Discretos. Estivo vinculada desde 1986 á USC ocupando diversos postos docentes.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## A EDIUS automatiza o envío por mail dos certificados dos cursos de formación

O enderezo electrónico será sempre o que o doutorando/a posúa como alumno/a da USC, co seu código de acceso seguido de @rai.usc.es.

A asistencia aos cursos de formación organizados pola Escola Internacional de Doutoramento da USC supón a expedición dun certificado, sempre e cando as persoas asistentes superen favorablemente a formación. É obrigatorio asistir como mínimo ao 80% das aulas e facer as tarefas encomendadas para ser APTO/A e ter a certificación da actividade.

Este documento será enviado automaticamente ao interesado ou interesada, nun período prudencial, por correo electrónico. Ao igual que todas as comunicacións institucionais coa Universidade, o enderezo electrónico de envío será sempre o que o doutorando/a posúa como alumno/a da USC, co seu código de acceso segui-

do de @rai.usc.es. O alumnado é o responsable de descargar e gardar este documento de forma conveniente para un posible uso posterior.


Antes de proceder ao envío das certificacións, o profesorado encargado de impartir a formación deberá pechar as actas. Nalgúns casos, previamente, teñen que corrixir e avaliar os traballos realizados ao longo do período de formación. Ademais, todos os certificados precisan da sinatura do director da EDIUS. Estes trámites burocráticos poden retrasar a súa emisión. O tempo para corrixir e avaliar os traballos, cubrir actas e tramitar as certificacións pode provocar un retraso de até dous meses.

Hai doutorandos e doutorandas que asisten aos cursos de formación interesados en subir os certificados ao Documento de Actividades, que é o rexistro individualizado de control de todas as actividades realizadas cada curso académico relacionadas co programa e coa tese. Este curso,

o prazo para subir a documentación a este rexistro finaliza no vindeiro mes de xuño de 2025 e a Escola garante que nesta data estarán emitidos os certificados dos cursos anteriores. De todos os xeitos, convén lembrar que calquera estudante ten á súa disposición na súa propia secretaría virtual a lista de cursos aprobados. Para velo, debe revisar o apartado “As miñas actividades”.

Os cursos de formación da EDIUS están abertos a todo o alumnado pero non todas as persoas deben cursalos. As persoas doutorandas poden consultar co seu director/a (ou tutor/a), ou cos responsables do seu Programa de Doutoramento, cales son aqueles cursos que deberían facer. Tamén é importante que lean atentamente os requisitos de cada formación, tendo en conta á hora de matricularse a modalidade (presencial, telemático ou mixto), idioma, horarios, contidos e competencias e habilidades así como o modalidade de avaliación.

 [Ir ao sumario](#)



# Formación

## Actividades

Febreiro 2025

### Aspectos éticos da investigación en biomedicina

Presencial 5 de febreiro de 2025

Salón de grao Facultade de Farmacia

Matricula: do 22 de xaneiro ao 3 de febreiro de 2025

Horario: 10:00h

### How to transfer my research to society? Training in Innovation Skills

6, 13, 20 y 27 de febreiro de 2025

Actividade ONLINE

Matricula: do 21 ao 28 de xaneiro de 2025

Horario: de 10:00h a 13:00h

### Deseño e preparación de presentacións

21 e 28 de febreiro (presencial) e 7 de marzo (online) de 2025  
Aula INFORMÁTICA 3 da Facultade de Veterinaria de Lugo


Matricula: do 7 ao 14 de febreiro de 2025

Horario: de 9:30h a 13:30h

**EDIUS** **NOVAS**

## A Escola Internacional de Doutoramento avaliará o grao de satisfacción cos cursos de formación con enquisas *online* ao alumando

Estas enquisas enviaranse cada dous meses sobre os cursos xa rematados.



Co obxectivo de seguir mellorando, a EDIUS puxo en marcha este curso un método de avaliación dos cursos de formación que oferta ao alumnado de doutoramento. Deste xeito, os doutorandos e doutorandas matriculados recibirán, a través do seu correo electrónico corporativo da USC, unha ligazón para avaliar o desenvolvemento do curso no que estiveron matriculados.

Serán catro preguntas moi sinxelas para avaliar o grao de satisfacción co propio curso, co profesorado, cos medios á súa disposición e, por último, unha pregunta sobre se recomendarían esa formación a outras persoas.

Desde a Escola faise un chamamento a todo o alumnado de doutoramento que asiste a estes cursos para que participe nestas enquisas, unha ferramenta moi útil para coñecer de primeira man a súa opinión. Este *feedback* é imprescindible para saber se os cursos programados son unha boa formación complementaria á actividade investigadora do alumnado, que lles permite fortalecer competencias e habilidades tales como a comprensión das metodoloxías e técnicas de investigación, os procesos de documentación científica, técnicas e métodos de comunicación científica e mais a redacción de traballos de investigación.

[↩ Ir ao sumario](#)

ENTREVISTA



Esther Martínez  
Piñeiro

Esther Martínez Piñeiro, profesora do curso Métodos de investigación cualitativa para a elaboración de teses de Ciencias Sociais

## «O frecuente é que as persoas doutorandas estean familiarizadas coa metodoloxía cuantitativa, pero teñen escaso coñecemento da cualitativa que pode resultar útil para a súa tese»

*“Introducción á investigación cualitativa nas Ciencias Sociais” é o título dun seminario destinado ao alumnado de doutoramento desta área e que se desenvolveu, por primeira vez, ao longo do pasado mes de xaneiro. Esther Martínez Piñeiro e José Pablo Franco López foron os profesores encargados de impartir este seminario, que achegou ao alumnado á metodoloxía cualitativa como unha opción a ter en conta no deseño empírico das súas teses doutorais.*

*Esther Martínez contounos como foi a experiencia e as variadas aplicacións da metodoloxía cualitativa nos traballos de tese, “empregando técnicas de recollida de datos abertas que xeran información rica, non cuantitativa e non estandarizada”.*

### Por que consideras necesaria unha formación sobre Investigación Cualitativa?

A formación en metodoloxías de investigación ten unha presenza desigual nos nosos plans de estudo, pero resulta imprescindible para realizar unha tese doutoral. O máis frecuente ademais é que as persoas doutorandas estean familiarizadas coa metodoloxía cuantitativa, que é a máis empregada, pero teñen un escaso coñecemento da investigación cualitativa que pode resultar útil para os seus traballos de tese ou para proxectos futuros. Coñecer ambos enfoques permite poder valorar o seu emprego en función dos nosos propósitos.

### En que consiste esta metodoloxía investigadora? Poderías sinalar algunha das características máis importantes?

Esta perspectiva metodolóxica busca a comprensión en profundidade das prácticas, procesos e problemas sociais, centrando a mirada na perspectiva dos suxeitos, achegándose ao significado que teñen para eles. En como son vividos. Pon o foco, polo tanto, no punto de vista dos colectivos e das persoas implicadas no tema de estudo nun contexto concreto. Esta me-

todoloxía -que ten as súas bases epistemolóxicas no construtivismo- e as súas principais raíces filosóficas na fenomenoloxía e no interaccionismo simbólico – caracterízase pola intención de comprender unha parcela da realidade, achegándose ao significado que os protagonistas lle outorgan, fronte á busca de leis universais que a expliquen. Os seus deseños son flexibles para adaptarse a unha realidade dinámica e construída polos suxeitos, ten un carácter indutivo, no que as hipóteses emerxen ao longo do proceso de investigación, non busca a xeneralización dos resultados, senón o coñecemento idiográfico. Ademais, emprega técnicas de recollida de datos abertas que xeran información rica, non cuantitativa e non estandarizada, como as entrevistas en profundidade ou os grupos de discusión e técnicas de análise centradas na extracción de significado dos datos cualitativos recollidos, como a análise do discurso, entre outras.

### **Poderías poñer algún exemplo?**

Unha investigación social que teña como tópico de estudo a inserción laboral das persoas recentemente graduadas, desde unha perspectiva cuantitativa terá interese en coñecer o tempo medio que tardan en atopar un emprego, as posibles diferencias en función do tipo de carreira e do xénero, o tipo de contrato máis habitual, as variables explicativas da inserción ou non no campo profesional, etc. Un estudo cualitativo buscará comprender en profundidade ese proceso de inserción, como é vivido polos suxeitos, que barreiras atoparon, que limitacións sentiron. Son polo tanto perspectivas que responden a obxectivos distintos pero que poden complementarse para obter un coñecemento máis rico e completo dunha mesma problemática.

### **Cales son os principais métodos de investigación cualitativa?**

Aínda que non existe un acordo total entre os principais autores e autoras, hai claramente algunhas aproximacións que son consideradas por todos eles métodos cualitativos. Indubidablemente debemos citar a etnografía, e estudo de casos que se recollen na clasificación de Denzin e Lincoln (2018), Creswell (2013) ou Merriam (2009), pero tamén outras con ampla tradición como a teoría fundamentada, o método biográfico ou o fenomenolóxico.

### **Que vantaxes supón empregar este método de investigación? Por que está recomendado para o alumnado de Ciencias Sociais e Xurídicas?**

Neste curso de formación optamos por abordar o método de estudo de casos, pola súa aplicabilidade en distintos contextos, e desde distintas disci-

